

Descrición do percorrido

Ribeira de Piquín é un dos concellos máis singulares do interior das montañas lucenses, posuíndo un dos patrimonios máis interesantes en canto a etnografía e paisaxe, tal e como nos amosa a Ruta Río Eo - Pena Millares.

O río Eo é sen dúbida, un dos protagonistas desta ruta. Caracterízase por posuír unha gran biodiversidade, feito que fai que estea incluído dentro da Reserva de Biosfera Eo, Oscos e Terras de Burón.



A Ruta comenza preto da fermosa praia fluvial do Chao de Pousadoiro.

Os muíños e os bosques de galería que acompañan a este río, ofrecen aos visitantes ao longo da primeira parte do percorrido do sendeiro, un entorno natural e agradable por onde camiñar, descubrindo amablemente ao seu paso tanto a riqueza de flora



e fauna como a etnográfica. Esta senda leva a área recreativa de A Retorta, idílico lugar onde se pode facer unha parada para descansar e repoñer forzas.

A medida que comeza a ascensión a Pena Millares, a ruta adentrarse en terreos de cultivo e piñeirais que levan ao Miradoiro de Pena Millares. Dende este lugar pódense divisar as espectaculares vistas que conforman a Serra de Meira, o Val do Eo e a Serra de Pena Armada. Na volta pasaremos por Sadrarín e Barcia, amosando exemplos da arquitectura popular con construcións típicas como son os "Hórreos".



Como chegar



Concello de Ribeira de Piquín - Lugo

PR-G[®]
209
GALICIA

Ruta Río Eo - Pena Millares

Marcas e sinais que te guiarán no percorrido da Ruta



Sinal de continuidade, que indica o camiño correcto.



Sinal de camiño errado, que indica o camiño que non se debe coller.



Sinal de cambio de sentido, que indica un xiro á dereita ou á esquerda no sentido da marcha.



Sinal de derivación, que indica un camiño de ida e volta dende a ruta.

PR-G
209

Baliza
sendeiro
principal

PR-G
209

Baliza
derivación

PR-G
209.1

Baliza
variante



Ruta sinalizada

Mapa do percorrido
Escala 1:17.000



PR-G 209
Ruta Río Eo-Pena Millares
Ruta homologada no ano 2017



Lenda

- Paneis informativos
- Ruta Río Eo - Pena Millares
- Derivación do Miradoiro de Pena Millares
- Praia Fluvial
- Aceñas
- Área recreativa de Retorta
- Miradoiro Pena Millares




MIDE (Método de Información de Excursións)

Horario	4h 15 min	2	Severidade do medio natural
Desnivel Subida	536 m	2	Orientación no itinerario
Desnivel Baixada	539 m	2	Dificultade no desprazamento
Distancia Horizontal	12,4 km	4	Cantidade de esforzo necesario
Tipo de Percorrido	Circular	PRG 209 Ruta río Eo - Pena Millares	

Perfil da Ruta Principal



Perfil da derivación



Teléfonos de interese:

Concello : 982 333 601
Garda Civil: 982 330 004
Centro de Saúde: 982 333 680

